

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA E
O PARLAMENTO DE GALICIA PARA A CESIÓN DE INFORMACIÓN DE
CARÁCTER TRIBUTARIO ASÍ COMO DOS DE MAIS INGRESOS DE DEREITO
PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS E SUBVENCIÓNS E A
CONTRATACIÓN COA ADMINISTRACIÓN**

En Santiago de Compostela, a 13 de xuño de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, D. Miguel Ángel Santalices Vieira, que actúa en representación da Administración do Parlamento de Galicia, ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 31.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia.

Doutra parte, D. Valeriano Martínez García, na súa condición de presidente da Axencia Tributaria de Galicia, en nome e representación da devandita entidade, e en virtude das facultades que lle conceden as normas xurídicas que regulan o exercicio do seu cargo, e sinaladamente o artigo 14 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia e se aproba o seu estatuto.

Ambas as dúas partes recoñécense mutua e reciprocamente a capacidade legal necesaria para formalizaren o presente convenio, para cuxo efecto

EXPOÑEN

I

A Presidencia da Axencia Tributaria de Galicia ten asignada, segundo o artigo 14 do Decreto 202/2012, do 18 de outubro, polo que se crea a Axencia Tributaria de Galicia (en adiante Atriga) e se aproba o seu estatuto, a subscrición, en nome da entidade que preside e nas materias que sexan da competencia da Atriga, de convenios de colaboración con entidades públicas e privadas excluídas da lexislación de contratos do sector público.

O Parlamento de Galicia ten asignadas as competencias previstas no artigo 10 da Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía de Galicia.

II

No marco de colaboración mutua que debe presidir as relacións entre as administracións públicas e segundo o principio establecido no artigo 3.1.k) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e á luz do preceptuado na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das

administracións públicas, os representantes de ambas as dúas partes consideran que sería moi beneficioso para o cumprimento dos seus respectivos fins o establecemento dun sistema de subministración de información da que poida dispor a Xunta de Galicia a favor do Parlamento de Galicia e que lle permita a este obter a información que precisa para o exercicio das súas funcións de forma áxil e cunha diminución dos custos soportados polas partes que subscriben o presente convenio.

III

O marco legal que posibilita o obxecto deste convenio vén constituído principalmente polo disposto nos artigos 3.2, 34.1 g) e 95.1 k) da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante LXT). Nestes preceptos establécense os principios reitores da aplicación do sistema tributario; o dereito dos contribuíntes a solicitaren certificación e copia das declaracións presentadas e, por último, o artigo 95 apartado 1.k) LXT, como excepción ao carácter reservado dos datos con transcendencia tributaria, prevé a cesión de información tributaria a outras administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións, logo de autorización dos obrigados tributarios a que se refiran os datos subministrados. Esa información de carácter tributario deberá ser subministrada preferentemente mediante a utilización de medios informáticos ou telemáticos. En todo caso, cando as administracións públicas poidan dispoñer da información polos devanditos medios, non lles poderán exixir aos interesados a achega de certificados da Administración tributaria en relación coa devandita información.

Por outra banda, cómpre subliñar que a normativa tributaria ten carácter supletorio para o resto dos ingresos de dereito público, segundo o disposto na disposición adicional undécima da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos da Comunidade Autónoma de Galicia para 2006, en vigor conforme o sinalado na disposición derradeira 2ª da mesma lei, polo que a cesión de información pretendida tamén está legalmente cuberta no relativo aos datos que poidan ser obtidos pola Xunta de Galicia con razón da xestión de calquera outros ingresos de dereito público.

En todo caso, a subministración de información efectuada no ámbito de aplicación deste convenio deberá respectar os dereitos fundamentais á honra e á intimidade persoal e familiar dos cidadáns e á protección de datos persoais que prescriben os apartados 1 e 4 do artigo 18 da Constitución española e mais a normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e demais normativa de desenvolvemento.

IV

Polo exposto, ambas as dúas partes acordan celebrar o presente convenio de colaboración, que se rexerá polas seguintes



CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto do convenio

1. Este convenio ten por obxecto establecer un marco xeral de colaboración sobre as condicións e procedementos polos que se debe rexer a cesión por parte da Atriga ao Parlamento de Galicia da información sinalada na cláusula sétima, que preserve en todo caso os dereitos das persoas a que se refira a información.
2. A subscrición deste convenio non exclúe nin despraza calquera outro mecanismo de intercambio de información que poida ter lugar entre a Atriga e o Parlamento de Galicia en cumprimento do previsto no ordenamento xurídico, e en particular polo que se refire á loita contra a fraude fiscal e á loita contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea cuxa xestión teña atribuída o Parlamento de Galicia, segundo o disposto nos artigos 94 e 95.1.d) da LXT.

SEGUNDA. Finalidade do convenio

A cesión de información por parte da Atriga terá como finalidade exclusiva a colaboración co Parlamento de Galicia no desenvolvemento das funcións que este teña atribuídas cando, para o seu exercicio, a normativa reguladora exixa a achega dunha certificación expedida pola Xunta de Galicia. Nestes supostos, a información que debe constar en tales documentos solicitarase directamente da Atriga, sempre que resulte de interese para o exercicio de tales funcións e se refira a un elevado número de interesados ou afectados.

TERCEIRA. Principios e regras de aplicación á subministración de información recollida neste convenio

A subministración de información tributaria así como doutros ingresos efectuada no ámbito de aplicación deste convenio rexeráse polos seguintes principios e regras:

- Adecuación dos datos subministrados ás funcións e competencias do cesionario.
- Relevancia e utilidade da información para os fins que xustifican a subministración.
- Proporcionalidade entre os datos subministrados e os fins para os que se solicitan.
- Seguridade dos medios de transmisión e acceso empregados.
- Eficiencia e minimización de custos.



- Estrita afectación aos fins que xustifican e para os que se solicitan os datos, sen que a información tributaria poida utilizarse en prexuízo do interesado ou afectado en ningún outro caso.
- Intransferibilidade dos datos subministrados, sen que o destinatario poida volver cedelos a terceiros, salvo nos casos expresamente previstos nos convenios.
- Prohibición do tratamento ulterior de datos polo cesionario, salvo consentimento do afectado ou autorización legal.

CUARTA. Autorización dos interesados

A cesión de información tributaria deberá contar coa previa autorización expresa dos interesados, establecida no artigo 95.1.k) da LXT, salvo que a cesión teña por obxecto a colaboración para a loita contra o delito fiscal e contra a fraude na obtención ou percepción de axudas ou subvencións a cargo de fondos públicos ou da Unión Europea (artigo 95.1.d) LXT), ou que veña prevista, sen necesidade de autorización previa do interesado, en calquera outra norma de rango legal.

QUINTA. Destinatarios da información subministrada

A información cedida pola Atriga só poderá ter como destinatarios os órganos do Parlamento de Galicia que teñan atribuídas as funcións que xustifican a cesión, incluídos os órganos de fiscalización, sen que en ningún caso, poidan ser destinatarios órganos, organismos ou entes que realicen funcións distintas das indicadas.

Así mesmo, a información subministrada en virtude deste convenio non poderá ser destinada para fins distintos daqueles para os que foron solicitados, nin poderán ser cedidos a terceiros.

SEXTA. Natureza dos datos subministrados

Os datos sobre débedas subministrados pola Atriga derivan das declaracións realizadas polos contribuíntes, sen que, con carácter xeral, fosen sometidos a actividade ningunha de verificación previa á súa automatización. Non obstante, cando os citados datos fosen comprobados pola Atriga, facilitaranse estes.

Tanto a Atriga coma o Parlamento de Galicia poderán solicitar reciprocamente especificacións ou aclaracións sobre a natureza e o contido dos datos obxecto de subministración.



SÉTIMA. Cesión de información de carácter periódico

1. Para o cumprimento das finalidades descritas na cláusula segunda, subministrarse, coa periodicidade e contido que se detalla, a seguinte información:

INFORMACIÓN	PROCEDEMENTO	PERIODICIDADE
- Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia - Non ter presentado declaración do imposto sobre o patrimonio ante a Xunta de Galicia	Axudas e subvencións públicas	Diaria
- Non ter débedas pendentes en período executivo coa Xunta de Galicia	Contratos coas administracións públicas	Diaria

2. Os principios de eficiencia e minimización de custos que deben rexer a aplicación do presente convenio obrigan ao tratamento telemático das solicitudes efectuadas polo Parlamento de Galicia. A tal fin, a Atriga, en colaboración co Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (en adiante CIXTEC) determinará a aplicación que permita a devandita cesión.

As peticións que se fagan no marco deste convenio deberán conter todos os datos que sexan precisos para identificar claramente os interesados afectados.

OITAVA. Procedemento

A) Fase inicial:

Tras a sinatura do presente convenio, os órganos administrativos do Parlamento de Galicia deberán remitir ao seu interlocutor único a seguinte documentación:

- o Datos identificativos do órgano público solicitante (denominación, enderezo, teléfono...)
- o Obxecto da subministración de información.
- o Procedemento ou función desenvolvida polo órgano solicitante.
- o Competencia do órgano (con referencia á concreta normativa aplicable)
- o Datos identificativos do órgano, organismo ou entidade de dereito público solicitante (denominación, enderezo, teléfono...)



O interlocutor único do Parlamento de Galicia, recibidas todas as solicitudes, remitirá á Atriga unha relación detallada de todos os órganos solicitantes, a normativa en que se recollan as funcións desenvolvidas e a súa competencia, así como o tipo concreto da información solicitada.

Unha vez examinada a documentación e comprobado, de ser o caso, coa colaboración da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento, que todas as solicitudes se axustan ao previsto no presente convenio, a directora da Atriga poñerá en coñecemento tanto do CIXTEC, para que proceda a dar de alta o órgano na aplicación correspondente da subministración telemática de información, como do Parlamento de Galicia, para que teña coñecemento da posibilidade de incluír a partir dese momento, nas peticións a que se refire a letra B) seguinte, aquelas que proveñan dos devanditos órganos xa autorizados.

A incorporación posterior de novos órganos realizarase conforme o previsto neste apartado.

B) Subministración de información

a) Solicitud:

Os órganos administrativos do Parlamento de Galicia previamente autorizados remitirán ao CIXTEC, para cada procedemento administrativo (concesión de axudas e subvencións ou contratación) por vía telemática unha relación de solicitudes de información na que se incluírán todos os datos que sexan precisos para identificar claramente os interesados afectados e a información solicitada, que deberá axustarse aos dous tipos de información previamente determinados pola Atriga. Así mesmo, deberase facer constar que os interesados na información solicitada autorizaron expresamente a subministración de datos, sen que se producise a súa revogación.

Na remisión non se poderán incorporar peticións de órganos do Parlamento de Galicia que non fosen previamente autorizadas en virtude do previsto na letra A) desta cláusula.

b) Tramitación e contestación

Unha vez recibida a petición, tras as verificacións e procesos correspondentes, o CIXTEC remitirá a información solicitada nun prazo non superior a unha semana desde a recepción da devandita solicitude. No suposto de que algunha petición non for atendida nese prazo, o usuario poderá coñecer o motivo para que, de ser o caso, poida ser obxecto de emenda.

c) Formato:

Tanto a solicitude coma a entrega de información se realizarán por medios informáticos ou telemáticos. En especial, poderá realizarse polos medios e nos termos que establece o CIXTEC para a expedición de certificacións electrónicas.



NOVENA. Control e seguridade dos datos subministrados

1. O control e seguridade dos datos subministrados rexerase polo disposto na normativa vixente en materia de protección de datos de carácter persoal.

2. Establécense os seguintes controis sobre os accesos, a custodia e a utilización da información subministrada ao abeiro deste convenio:

a) Control interno por parte do ente cesionario da información:

○ Parlamento de Galicia realizará controis sobre a custodia e utilización que dos datos recibidos realicen as autoridades, funcionarios ou resto de persoal dependente dela e informará a Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento dos resultados obtidos no devandito seguimento.

b) Control polo ente titular da información cedida:

A Atriga procederá a acordar outras actuacións de comprobación para verificar a axeitada obtención e utilización da información cedida e das condicións normativas ou convencionais que resultan de aplicación.

DÉCIMA. Obriga de sixilo

As autoridades, funcionarios e o resto de persoal que teñan coñecemento dos datos ou información subministrados por causa deste convenio estarán obrigados á máis estrita e completa observancia do deber de sixilo respecto deles. A violación desta obriga implicará incorrer nas responsabilidades penais, administrativas e civís que resulten procedentes.

UNDÉCIMA. Archivo de actuacións

A documentación relativa aos controis efectuados sobre a custodia e a utilización dos datos cedidos deberá conservarse por un período de tempo non inferior a cinco anos. En especial, deberán conservarse polo Parlamento de Galicia os documentos nos que conste a autorización expresa dos interesados.



DUODÉCIMA. Efectos da subministración de información

Segundo o previsto no artigo 95.2 da Lei 58/2003, xeral tributaria, na medida en que o Parlamento de Galicia poida dispoñer da información de carácter tributario que precise para o desenvolvemento das súas funcións mediante as canles previstas no presente convenio de colaboración, non lles exixirá aos interesados que acheguen individualmente certificacións expedidas pola Atriga.

A subministración de información realizada ao abeiro deste convenio non terá outros efectos que os derivados do obxecto e a finalidade para os cales os datos foron subministrados. En consecuencia, non orixinarán dereitos nin expectativas de dereitos en favor dos interesados ou afectados pola información subministrada, nin interromperá a prescrición dos dereitos ou obrigas a que poidan referirse os procedementos para os cales se obtivo aquela. De igual modo, a información subministrada non afectará o que puiden resultar das actuacións de comprobación ou investigación ou da ulterior modificación dos datos subministrados.

DÉCIMO TERCEIRA. Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento

Co fin de concretar calquera aspecto relacionado co procedemento de subministración de información establecida por este convenio que precise de desenvolvemento, de coordinar as actividades necesarias para a execución do presente convenio, así como para levar a cabo a súa supervisión e control, creárase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento composta por dous representantes nomeados polo presidente da Atriga e outros dous nomeados polo presidente do Parlamento de Galicia. En calidade de asesores, con dereito a voz, poderán incorporarse outros funcionarios que se considere necesario.

As controversias sobre a interpretación e execución deste poderán ser resoltas por esta comisión.

A comisión reunirse por instancia de calquera das partes e, polo menos, unha vez ao ano para examinar os resultados e incidencias da colaboración realizada.

A Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento rexerá, en canto ao seu funcionamento e réxime xurídico, respecto ao non establecido expresamente na presente cláusula, pola normativa específica en vigor.

DÉCIMO CUARTA. Resultados da aplicación do convenio

Para avaliar a eficacia do presente convenio, a Atriga e o Parlamento de Galicia comprométese, cunha periodicidade polo menos anual, a determinar os resultados derivados da colaboración que se efectúe ao abeiro do disposto neste convenio, que serán analizados conxuntamente no seo da Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento.



DÉCIMO QUINTA. Prazo de vixencia

Este convenio terá una vixencia de catro anos desde a data da súa sinatura. En calquera momento antes da finalización do prazo previsto anteriormente, as partes poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

Para as causas de resolución e efectos desta observarase o disposto nos artigos 51 e 52 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEXTA. Financiamento

As actuacións previstas no presente convenio non xerarán gasto nin darán lugar a contraprestación financeira entre as partes asinantes.

DÉCIMO SÉTIMA. Natureza administrativa

Este convenio de colaboración é de carácter administrativo, considerándose excluído do ámbito da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, en virtude do artigo 6 do mesmo.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da orde xurisdiccional do contencioso-administrativo.

O presente convenio será inscrito no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia regulado no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, e será obxecto de publicidade nos termos do artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e de bo goberno de Galicia.

En proba de conformidade, ambas as dúas partes asinan por triplicado e para un só efecto na data e lugar indicados no encabezamento.

POLO PARLAMENTO DE GALICIA



PARLAMENTO
DE GALICIA
PRESIDENCIA

Miguel Ángel Santalices Vieira

POLA AXENCIA TRIBUTARIA DE
GALICIA



AXENCIA TRIBUTARIA DE GALICIA
PRESIDENTE

Valeriano Martínez García